

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 400/1996, do 31 de outubro, polo que se crea o portelo único para establecementos balnearios e explotacións de augas minerais, termais e de manancial.

A importancia secular dos establecementos balnearios e das explotacións de augas minerais, termais ou de manancial en Galicia esíxelle á Administración autonómica a adopción de medidas de racionalización administrativa que, sen prexuízo da competencia das distintas consellerías, lle permitan ó sector ter un interlocutor único para a recepción, coordinación e seguimento de tódolos expedientes que se tramitan ante a Xunta de Galicia.

Nesta liña e tendo en conta que a apertura, modificación ou petición de axudas ou subvencións para establecementos balnearios ou de explotación de augas minerais, termais ou de manancial, implica a diferentes unidades administrativas da Xunta de Galicia -as competentes en materia de aproveitamentos de augas desta natureza, de sanidade, de turismo, ou de fomento do sector faise precisa a creación dun portelo único como unidade administrativa encargada da recepción, coordinación e seguimento dos expedientes incoados pola Xunta de Galicia nesta materia.

O Estatuto de autonomía de Galicia aprobado pola Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, establece no artigo 27.14º, como competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma a referida ás augas minerais e termais.

Na súa virtude, pro proposta do conselleiro da Presidencia e Administración Pública, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de outubro de mil novecentos noventa e seis,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Créase o portelo único como unidade administrativa encargada da recepción de solicitudes e do seguimento e coordinación dos expedientes de autorización dos establecementos balnearios, ou de explotación de augas minerais, termais ou de manancial e as súas instalacións turísticas complementarias, así como das axudas e subvencións que se soliciten para el.

O portelo único ó que se refire o parágrafo anterior estará adscrito á Consellería de Industria e Comercio.

Artigo 2º

O portelo único, relación coas actuacións a que fai referencia o artigo anterior, terá as seguintes funcións:

a) A de información administrativa, tanto referida á apertura e modificación destes establecementos, como das axudas e subvencións para eles destinadas. Tamén informará sobre a situación na que se atope un expediente xa incoado, independientemente do órgano que o tramite.

b) A recepción e a remisión ás unidades correspondentes en cada materia das solicitudes formuladas.

c) A coordinación e o impulso dos expedientes administrativos.

d) O rexistro de tódolos establecementos balnearios e o arquivo das solicitudes e resolucións que emitan cada un dos órganos competentes.

Artigo 3º

As persoas físicas ou xurídicas que pretendan a apertura, modificación ou solicitudes de axuda ou subvención para os establecementos balnearios ou de explotación de augas minerais, termais ou de manancial e para as súas instalacións turísticas complementarias, poderán presenta-la solicitude correspondente, acompañada da documentación que sexa necesaria en cada caso, no portelo único. Logo da recepción e da comprobación da documentación, o responsable da unidade administrativa do portelo único. Logo da recepción e da comprobación da documentación, o responsable da unidade administrativa do portelo único, procederá a darlle a correspondente alta no sistema de xestión de procedementos administrativos e a remiti-la solicitude e a súa documentación ó órgano, que dependendo da actuación que se pretenda realizar, sexa o competente para a súa tramitación.

Artigo 4º

Calquera unidade administrativa que reciba algunha das solicitudes a que se refire o artigo 1 deste decreto, de conformidade co establecido no artigo 38.4º b) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común deberá remitila ó portelo único existente na Consellería de Industria e Comercio.

Disposición transitoria

As disposicións deste decreto aplicaranse ós procedementos iniciados con posterioridade á efectiva posta en funcionamento do portelo único regulado no artigo 1º.

Disposicións adicionais

Primera.-Créase a Xefatura de Servicio do Portelo Único, como unidade administrativa encargada da súa xestión e funcionamento. O dito posto de traballo quedará encadrado na estructura orgánica da Dirección Xeral de Industria, da Consellería de Industria e Comercio.

Segunda.-O portelo único creado polo presente decreto poñerase en funcionamento antes do día 15 de decembro de 1996.

Disposición derradeira

Facúltase a Consellería de Industria e Comercio para dicta-las normas necesarias para execución e desenvolvemento do presente decreto sen prexuízo das competencias que por razón da materia teñan outras consellerías.

Santiago de Compostela, trinta e un de outubro de mil novecentos noventa e seis.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Dositeo Rodríguez Rodríguez
Conseilleiro da Presidencia e Administración Pública

O Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, establece no artigo 27.14º, como competencia exclusiva desta Comunidade Autónoma, a referida ás augas minerais e termais, e o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo iso, considerando que estamos ante unha actividade con futuro e con especiais vantaxes naturais e de investimentos xa realizados, cómpre que a Administración autonómica poña en marcha un conxunto coordinado de medidas intensivas de apoio financeiro, de concertación de uso e de publicidade que contribúan ó definitivo despegue, a través da iniciativa privada, dos establecementos balnearios de Galicia.

A comisión a que se refire este decreto créase co fin de coordina-las axudas e subvencións que as distintas consellerías e organismos dependentes delas establezcan para apoia-la creación ou a mellora dos establecementos dedicados á explotación das augas reguladas na Lei 5/1995.

En virtude do exposto, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día trinta e un de outubro de mil novecentos noventa e seis,

*DISPOÑO:**Artigo 1º*

Créase a comisión coordinadora de axudas a establecementos balnearios e a explotacións de augas minerais, termais e de manancial.

Esta comisión terá as seguintes funcións:

a) Informar preceptivamente sobre os proxectos de disposicións que regulen especificamente axudas a establecementos balnearios e a explotacións de augas minerais, termais e de manancial que convoquen as consellerías da Xunta de Galicia e os organismos autónomos e entes públicos dependentes delas.

b) Informar preceptivamente sobre a concesión das axudas a que se refire o apartado a).

Artigo 2º

1. A comisión regulada neste decreto estará adscrita ó Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e terá a seguinte composición:

Presidente: o director do Igape.

Vocais: os titulares de cada un dos centros directivos que teñan atribuídas competencias en materia de turismo, saúde pública, industria e dominio público hidráulico, así como o responsable do portelo único regulado no Decreto 400/1996, do 31 de outubro.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

Decreto 401/1996, do 31 de outubro, polo que se crea a Comisión Coordinadora de Axudas a Establecementos Balnearios e Explotacións de Augas Minerais, Termais e de Manancial, e se regula a súa composición e funcións.

O valor dos mananciais existentes no territorio da Comunidade Autónoma galega, ricos en augas termais e medicinais, foi recoñecido desde épocas históricas.

A riqueza natural que presentan os mananciais de augas, asociados en moitos casos con espacios naturais e edificios de singular beleza, constitúe unha inmellorable oportunidade para fomentar unha rede turístico-terapéutica, de ocio e relax, que sexa un motivo máis de atracción turística en Galicia e sente unhas sólidas bases de partida para impulsar e diversifica-la economía das súas zonas de asentamento.